

SOLUCIÓNS

EXERCICIOS REPASO DO TEMA 3 DE NATURAIS

1. Cómo se chama a nosa galaxia?

Vía Láctea.

2. Cita os planetas do Sistema Solar ordenados segundo a súa distancia ao Sol, e indica cales son rochosos e cales gasosos.

Rochosos: Mercurio, Venus, Terra e Marte. A continuación os gasosos: Xúpiter, Saturno, Urano e Neptuno.

3. Cales son as características da Terra que fan posible a vida no noso planeta.

- Unha distancia ao Sol axeitada
- Atmosfera
- Auga nos tres estados
- Campo magnético

4. Cita e explica as capas da Terra.

- Xeosfera: Parte sólida. Formada por núcleo, manto e codia.
- Atmosfera: Capa de gases que rodea a Terra. Dentro está a capa de Ozono, que impide o paso da radiación ultravioleta emitida polo Sol.
- Hidrosfera: é a auga nos tres estados. Inclúe ríos, mares, océanos, augas subterráneas, vapor de auga...
- Biosfera: É o conxunto dos seres vivos do planeta.

5. Define ecosistema.

É o conxunto formado polos seres vivos que habitan un lugar determinado e as relacións que se establecen entre eles e entre eles e o medio.

6. Componentes dos ecosistemas.

- Medio físico ou biotopo
- Seres vivos ou biocenose
- Relacións

7. Cita os elos e explica de onde obteñen a enerxía.

- Produtores: da enerxía do Sol.
- Consumidores Primarios e Secundarios: dos produtores ou doutros consumidores.
- Descompoñedores: dos seres vivos mortos.

8. Cita e explica os niveis de organización dos seres vivos no ecosistema.

- Individuo: un só ser vivo.
- Especie: conxunto de seres vivos moi semellantes entre sí que poden reproducirse entre eles.
- Poboación: seres vivos dun ecosistema pertencentes a mesma especie.
- Comunidade: é o conxunto das poboacións dun ecosistema.

9. Define biomasa.

É a materia pola que están formados os seres vivos.

10. Por que é importante a fotosíntese nos ecosistemas? Que cres que pasaría na Terra se desaparecesen todos os organismos fotosintéticos?

É importante porque é o modo no que se incorporan a materia e a enerxía aos ecosistemas.

Que os demais elos tamén desaparecerían.

11. Clasifica os seguintes ecosistemas en naturais ou humanizados: Bosque, lagoa, litoral, pradaría e cidade.

Naturais: Bosque, lagoa e litoral.

Humanizados: Pradaría e cidade.

12. Cal é o principal compoñente do medio físico do bosque? E da lagoa?

Do bosque é o solo. Da lagoa é a auga.

13. Cita os produtores que pode haber nunha lagoa.

Fitoplancto, algas e plantas.

14. Pon exemplos de litoral.

Praia, cantís, deltas e esteiros.

15. Cita algún descompoñedor.

Fungos, bacterias.

16. Clasifica os seguintes animais en produtores, consumidores ou descompoñedores: Gorrión, mofo, gaivota, cabra, zooplancto, carballo, algas, gramíneas, árbores ornamentais, rato, aguia, peixes e fitoplancto.

PRODUTORES: carballo, algas, gramíneas, árbores ornamentais e fitoplancto.

CONSUMIDORES: gorrión, gaivota, cabra, zooplancto, rato, aguia, peixes.

DESCOMPOÑEDORES: mofos.

17. Que son os espazos protexidos? Pon exemplos.

Son áreas terrestres especialmente adicadas á conservación da natureza e a protección da contorna.

Son os parques nacionais, reservas naturais, áreas mariñas protexidas, monumentos naturais e paisaxes protexidas.

18. Relaciona:

Illas Atlánticas (1)

El Cachucho (3)

Praia das Catedrais (4)

Illa de San Andrés (4)

Doñana (1)

Penedos de Pasarela e Traba (5)

Ría de Cedeira (2)

Serra de Salinas (5)

Cabo de Palos (2)

Parques Nacionais (1)

Reservas Naturais (2)

Áreas Mariñas Protexidas (3)

Monumentos Naturais (4)

Paisaxes Protexidas (5)